



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2011.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e catro de outubro de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez (non asiste), Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendín.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.  
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 18 de outubro do dous mil once.

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

Non houbo.-

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Consellería de Traballo e Benestar, Xefatura Territorial, Servizo de Promoción do Emprego con data RE 20 de outubro de 2011 N° RE 5031, relativo outorgamento de subvención para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais.
2. Comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Xefatura Territorial de Ourense, con data RE 20 de outubro de 2011 N° RE 5036, relativo a denuncia ambiental polo vertido de xurros.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

3. Comunicación da Consellería de Traballo e Benestar, Secretaría Xeral de Familia e Benestar con data RE 24 de outubro de 2011 N° RE 5078, relativo a concesión de subvención para persoal de Servizos Sociais.
4. Comunicación de sentenza de data 19 de setembro de 2011, relativa a procedemento ordinario 0000150/2010.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes dar traslado a oficina técnica aos efectos de informe sobre a obra a realizar.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **APROBACION DE PADRON COBRATORIO.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Padrón cobratorio de Entrada de Vehículos a traves das beirarúas, por importe de 11.861,93 euros.”

### **SOLICITUD DE ANTICIPACION DE XUBILACIÓN.-**

“Os membros da Xunta de Goberno Local, quedan enterados do escrito de Dona Maria Teresa Gómez Suarez, Persoal Laboral deste Concello, no que solicita a tramitación da jubilación anticipada con data 21.11.2011”.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.